

## JOSÉ LÓPEZ CALO.



Naceu en Nebra (Porto do Son, A Coruña) en 1922. Sacerdote xesuíta. Estudou a carreira eclesiástica no Seminario de Santiago de Compostela e na Compañía de Jesús, na que ingresou en 1942. Licenciado en Filosofía (Universidade Pontificia de Comiñas) e en Teoloxía (Facultade de Teoloxía de Granada). Doutor en Filosofía e Letras (Licenciatura na Universidade de Granada, Doutoramento na de Santiago de Compostela) e en Musicoloxía (Roma). Estudou Musicoloxía no Pontificio Instituto de Música Sacra de Roma, onde tivo como profesor principal ao eminente musicólogo Mons. Higinio Anglés e onde se doutorou en 1962 coa tese "A Música na catedral de Granada no século XVI". Profesor de Musicoloxía (1965-1970) e Vicerrector (1967-1970) no Pontificio Instituto de Música Sacra de Roma. Secretario Xeral da Sociedade Internacional de Música Sacra (1963-1968). Asesor musical de Radio Vaticana (1963-1970). Dende 1973 Profesor Agregado, e logo Catedrático, de Historia da Música na Universidade de Santiago de Compostela, onde é Profesor Emérito dende a súa xubilación. Membro de numerosas Academias e Sociedades Internacionais de Musicoloxía. Socio Fundador das Sociedades Nacionais de Musicoloxía de Italia e España, foi varios anos Vicepresidente desta última.

En novembro de 1978 é elixido Académico de Número da Sección de Música da Real Academia Galega de Belas Artes, ingresando o día 22 de novembro de 1980 cun discurso titulado: "Esencia de la Música Sagrada". Desde 2007 é Arquiveiro-Bibliotecario da Institución. Membro Correspondente da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando e das de Granada, Segovia, Sevilla e Valladolid..

Autor de máis de 60 libros de musicología e de máis de 250 artigos nas principais re-vistas de musicoloxía do mundo, así como en enciclopedias e nos principais dicionarios de música do mundo, entre os que destacan as súas colaboracións no diccionario alemán "Die Musik in Geschichte und Gegenwart", e no "The New Grove Dictionary of Music and Musicians", para o que escribiu máis de 200 voces sobre música e músicos españois. Entre a súa producción destacan os seus numerosos catálogos e documentarios dos arquivos das principais catedrais españolas (Ávila, Burgos, Calahorra, Selecta - catedral e capela real -, Palencia, Plasencia, Santo Domingo de la Calzada, Santiago de Compostela, Segovia e Zamora).

Está en posesión de numerosas condecoracións, nacionais e internacionais, entre as que destaca a Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes, que S. M. o Rei impúxolle en maio de 1989. En 2002 a Xunta de Galicia conferiuelle o Premio dás Letras e Artes de Galicia.